

---

MANUEL MARÍA  
Galiza

## Breves divagacións da poesía e a sua proxeción social

127

---

**P**oderíamos escribir encol da Poesía, con citas de poetas e de críticos que apoiaran as nosas propias opinións. Preferimos non facelo. Non queremos agrandar os propios trabucamentos engadíndolles os dos demais. Aínda que falar — ou escribir — de Poesía sexa falar do que non se entende, limitaremos a espoñer, sumariamente, parte das nosas ideas encol dalgunhos aspectos da Poesía e da sua proxeción social.

Primeiramente cumpría poñerse de acordo en que consiste o social, problema nada fácil, pois existe toda unha rama do saber humano que trata especificamente esta problemática ou mais ben problemáticas. Entendemos que a Literatura em xeral e a Poesía en particular inciden nun grupo humano determinado, anque, en ocasións, pasan a formar parte da cultura dunha comunidade humana concreta e mesmo de toda a humanidade. Inclusive o chamado «arte polo arte» ou «arte

descomprometida», o esteticismo, serve sempre ó poder político dominante pois non lle crea problema de ningunha clase. A creación artística nunca é inútil nen gratuita. Sempre descobre algunha cousa: un matiz estético, unha palabra, unha — ou moitas — variacións na forma... O lector de intelixencia desperta e de sensibilidade requintada sempre recibe unha mensaxe ao ler un texto literario. Sempre. O que acontece é que o texto autenticamente literario necesariamente transmite «algo» pola sinxela razón de que todo o que existe é «algo» polo so feito de existir. Eiquí plantexásenos un grave problema: o da existencia da «nada». Se a «nada» existe xa é «algo».

Entendemos que a grande maravilla do ser humano foi a creación da palabra e, polo tanto, da lingoaxe. Unha creación non ultrapasada. Nós estamos — non cansamos de repetilo — contra desa simpleza, tan aceptada e repetida, de que unha imaxe vale mais que mil palabras. Mentira podre. Unha imaxe é unha reprodución limitada e concreta de algo singularizado. Unha fotografía dun home é a representación dun individuo concreto: aí remata todo. Mais se decimos «home» estamos nombrando a tódolos homes que foron, que son e que serán e a tódolos que poidamos soñar e imaxinar. O idioma ten tamén os seus límites. Hai emocións, intuicións, sentimentos inefabéis que non se poden expresar pola limitación das palabras. Mais pódense suxerir. Isto levaríanos aos problemas das palabras ou expresións inductíbeis dun idioma para outro. Por eso — ademais de outras moitas razóns — somos partidarios da pluralidade idiomática xa que un idioma é sempre expresión dunha cultura diferenciada. Cando morre un idioma morre tamén unha cultura orixinal, o mundo queda moito mais pobre e o ser humano ten menos onde escoller. Un so idioma para tódolos humanos arrepiáanos. A Literatura — as literaturas — en definitiva é un xeito de expresión e de comunicación por medio da palabra.

No comenzo o ser humano utilizou a palabra para comunicarse coa divindade e como instrumento de dominación de outros homes e da natureza. Para dirixirse ao sobrenatural escolleu as súas mellores palabras e fermoseounas o mais que puido e soupo. Cecais foi así como naceu a Poesía, respondendo, ademais, a esa imperiosa necesidade que os humanos temos de exprimir todo canto levamos dentro de nós: amor, odio, sorpresa, desasoségos, melancolías, nostalxias... ¡Que sei eu! Así que a Poesía, dende o comenzo, foi «útil» para ter aos deuses propicios, para dominar ao mundo circundante, para realizarse o individuo como persoa... Andando o tempo

os grupos dominantes usaron a Poesía contra os dominadores. E os dominados tamén remataron usandoa para loitar contra os dominadores. A *Iliada* — unha das obras primas da humanidade — escrebeuna un grego e non un troiano. Como todo o mundo sabe Troia era unha cidade que lle impedía aos gregos o paso para o seu comercio coa Asia Menor. Os gregos destruírona por razóns económicas. A *Iliada*, polo tanto, é a historia poetizada dunha agresión militar. A *Eneida*, de Virxilio aínda resulta ser un caso máis escandaloso. Publio Virxilio Marón era un poeta, podemos dicer, a soldo do emperador Augusto. Virxilio, no seu poema, ademais de cantar as excelencias persoais e políticas de Augusto, inventoulle unha xenealoxía que o fai, nada menos, que descendente dun deus. O poema, nunha primeira e superficial lectura, levaría aos romanos a acatar a Augusto como emperador e a reverencialo e adoralo como a un deus. De feito sabemos que, en Roma, os emperadores recibían un culto de deuses. Non esquezamos que o Dante — como é lóxico e natural — puxo aos seus enemigos políticos no inferno. Así poderíamos chegar ata os nosos días nos que atopamos obras na mesma liña como o *Canto General*, de Pablo Neruda, boa parte da poesía soviética e a de tódolos povos que loitaron e loitan — loitamos — pola súa liberación nacional.

Resulta curioso — e de proveito — comprobar como boa parte da poesía medioeval galaico-portuguesa, as chamadas cantigas de escarño e maldicer, son un reflexo fiel da época á que, sen dúbida, serveron de catarse. Lendoas podemos conocer os vicios, as fraquezas, as preferencias, os desvíos, as inxusticias, a política e, en xeral, o xeito de ser e de existir daquela xente. Esta liña poética transformada apareceu de novo no *Rexurdemento* cultural e político galego do século XIX: Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez, Eduardo Pondal, Valentín Lamas Carvajal, tendo continuidade na obra exemplar de Ramón Cabanillas e nos poetas xurdidos despois da guerra civil española (1936-1939). Toda esta problemática — é obvio — precisa dunha explicación máis polo miúdo.

As modas e os modos van e veñen. Nos intres actuais, polo que semella, a poesía chamada «social» e «comprometida» está moi desprestixiada. Nós estamos contra eses termos. Toda poesía, sen excepción, é «social» en canto incide, en maior ou menor grao, nun grupo humano determinado. Toda poesía está «comprometida» cos seres humanos. O poñer etiquetas á Poesía é un xeito de censurala e limitala. Todo o que é humano pode ser «tema» ou «argumento» da

Poesía. O poeta, ante todo un ser humano, ten dereito — aínda diríamos que o deber — a exprimir os seus amores, os seus odios, as suas simpatías, as suas antipatías, as suas creencias, os seus sonhos, as suas imaxinacións, as suas intuicións e mesmo o seu pensamento. Xa nos insinou Unamuno que hai un pensamento que sente e hai un sentimento que pensa. Resulta que, sen ser humano, non hai poeta. E sen poeta non hai Poesía. Nen poesía.

Na actualidade desprestixase á poesía chamada «política» ou «social», considerando que so polo «tema» é pésima. O tema, por si mesmo, nen é bo nen é ruín. O que resulta bo ou ruín é o tratamento do «tema». Pódese facer poesía de grande categoría con temas políticos e escribir unha poesía vil co tema do amor, da natureza e con outros «temas» considerados «poéticos» ou «líricos». Un ser humano pode estar disposto a dar a súa vida polos seus ideais políticos e a non mover un dedo polo «manueliño» ou a «puriña» correspondente. Cando alguén está disposto a dar a súa vida por unha causa existen unhas razóns moi poderosas e unhas vivencias existenciais moi fondas. Canto mais fondas son as vivencias maior é a súa autenticidade, fonte da que agroma a verdadeira poesía: a que conmove. Hai outro tipo de poesía, para nós menor: a que deslumbra. Cando un poema chega, ao mesmo tempo, a conmoernos e deslumbrarnos non se lle pode pedir mais. Nen o poema pode dar mais de sí.

A mensaxe poética cecais non chegue a xente do común dun xeito inmediato. Precísase tempo para a súa asimilación. Mais o poético, o esencial poético, vai enriquecendo aos poucos, moi de vagar, a sabiduría popular: a auténtica, malia a negativa influencia da televisión, tan anticultura. Un romanista pode ter, axudado pola propaganda, un enorme éxito de ventas. E logo caer no mais absoluto esquecemento: pasado o día pasou a romería. Un grande poeta, marxinado polos medios de comunicación con apenas lectores, perdura a traveso do tempo porque vai entrando lentamente na memoria e na conciencia colectivas. Veleiquí, cecais, o verdadeiro valor social da Poesía. O noso Alvaro Cunqueiro ensinounos para sempre:

Pra un verso mil anos son unha mocedad.

Certo. Pese a todo e a todos, a tanta frivolidade e inconsciencia, a tanta manipulación interesada, a vida, sen Poesía, non é posible.